



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-----------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Orientación e políticas de emprego | Código | 652G03031 | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Mariño Barral, María del Carmen | Correo electrónico | m.mbarra@udc.es | |
| Profesorado | Mariño Barral, María del Carmen | Correo electrónico | m.mbarra@udc.es | |
| Web | www.udc.es/fymide | | | |
| Descrición xeral | Esta materia proporcionará claves para analizar e valorar as políticas de emprego que se están levando a cabo nos contextos galego, español e europeo, de xeito que se interioricen como ferramentas de traballo desde un dobre rol: primeiro como futuro/a persoa en busca de emprego que terá que usalas para a súa propia inserción, e segundo, como futuro/a educador/a que terá que desenvolver programas formativos e de inserción na comunidade. Transversalmente, o alumnado valorará criticamente a perspectiva institucional do escenario sociolaboral non que estamos a vivir e as alternativas posibles ao incremento das desigualdades sociais. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A3 | Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa. |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |
| A8 | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos |
| A15 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa. |
| A16 | Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional. |
| A17 | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B2 | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa. |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|----|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Analizar criticamente o escenario sociolaboral e as políticas de emprego, recollendo e utilizando para isto a información a través das TICs | A3 A5 A8 | B1 | C3 |



| | | | |
|---|------------------------------|----------------|----------|
| Comprender o papel da orientación profesional como medida activa de emprego na que pode intervir o/a educador/a social | A16 A17 | | |
| Analizar, sintetizar e valorar criticamente as políticas de emprego actuais a nivel autonómico, estatal e europeo, manexando distintas fontes de información que lle permiten exercer unha cidadanía crítica e formular solucións orientadas ao ben común | A3 A5 A8 A15 A17 | B1 | C4 |
| Diagnósticar unha comarca galega en canto a formación existente e propoñer alternativas de actuación desde a perspectiva do/a educador/a social | A3 A5 A15 | B1 | |
| Sintetizar, relacionar e valorar os resultados de aprendizaxe adquiridos nun cartafol, utilizando as TICS | A3 A5 | B1 B2 | C3 |
| Integrar actitudes éticas e deontolóxicas ao valorar criticamente as políticas activas de emprego e ao transmitir criticamente a información desde o rol de educador/a social | A3 A5 | B1 B5 B6 | C1 |
| Utilizar as TICs nos procesos de simulación de orientación das persoas desempregadas | A15 A17 | | C3 |
| Valorar desde o punto de vista do educador/a social a importancia da cultura emprendedora como elemento alternativo ao traballo por conta allea, así como a importancia da formación ao longo da vida | A16 A17 | | C5 C7 |
| Elaborar o seu itinerario formativo a longo prazo, incluíndo as súas necesidades de formación no campo das TICs | A17 | | C3 C7 |
| Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, no galego | | | C1 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| TEMA I. O escenario sociolaboral | A evolución do traballo. Análise da profesión de educador/a social A evolución do desemprego. Actuacións segundo o tipo de desemprego Competencias actuais que require o mercado laboral O papel da formación profesional no escenario sociolaboral A igualdade de xénero no escenario sociolaboral actual. |
| TEMA II. As políticas de Emprego: evolución e situación actual. Medidas alternativas | As políticas de Emprego na Unión Europea. FEDER, FSE, Emprego e Innovación social (Progress, Eures), Erasmus + As políticas de Emprego en España: Estratexia europea para o emprego en España, Programa Nacional de Reforma, Estratexia española para o emprego, PAPE As políticas de Emprego en Galicia: convocatorias concretas A igualdade de xénero a través das políticas de emprego |
| TEMA III. A orientación profesional como medida activa de emprego | Organización da orientación profesional en Galicia Profesionais implicados na orientación profesional Accións a desenvolver na orientación profesional. Accións individuais. Accións grupais Fases no proceso de orientación profesional: autoconñecemento, o perfil profesional, o mercado laboral, fontes de información laboral, procesos selectivos, ferramentas na busca de emprego, seguimento do proceso de busca de emprego A orientación profesional como medida para reducir as desigualdades de xénero O autoemprego. Alternativas |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| | | | | |



| | | | | |
|-------------------------------|------------------------------------|----|----|----|
| Mapa conceptual | A3 A5 B1 B2 | 1 | 8 | 9 |
| Análise de fontes documentais | A5 A15 B1 C3 C4 C5 | 2 | 10 | 12 |
| Discusión dirixida | A8 A16 A17 B1 B5 B6 C1 C4 C5 C7 | 12 | 2 | 14 |
| Portafolios do alumno | B2 | 2 | 22 | 24 |
| Traballos tutelados | C3 C7 | 2 | 12 | 14 |
| Lecturas | C4 C7 | 1 | 11 | 12 |
| Sesión maxistral | A3 A5 | 13 | 26 | 39 |
| Seminario | A20 C4 | 2 | 0 | 2 |
| Presentación oral | A3 A15 B1 B2 B6 C1 C3 | 6 | 15 | 21 |
| Actividades iniciais | A3 | 1 | 0 | 1 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Mapa conceptual | O alumnado confeccionará un mapa conceptual no que establecerá as relacións dos conceptos aprendidos en toda a materia. Este mapa será dixital. |
| Análise de fontes documentais | O alumnado buscará na rede información e documentos necesarios para realizar os exercicios propostos na aula, especialmente realizará unha consulta diaria do DOG para realizar o exercicio de análise das políticas de emprego. Dentro desta análise se inclúe a situación da profesión de educación social e a perspectiva de xénero nestas políticas. |
| Discusión dirixida | O alumnado discutirá sobre a situación sociolaboral actual, as políticas de emprego desenvolvidas e o seu rol como educadores/as á hora de levar a cabo unha orientación laboral. Esta discusión pode ser levada a cabo tanto na aula como a través da plataforma teams. |
| Portafolios do alumno | O alumnado recollerá nun portafolio os exercicios realizados durante o período da materia. Este portafolio servirá para avaliar ao alumnado e conterá tamén unha valoración final das aprendizaxes realizadas. O portafolio será dixital. |
| Traballos tutelados | O alumnado elaborará distintos exercicios propostos na aula baixo a supervisión do profesor. A aula poderá ser física ou virtual, segundo as circunstancias sobrevidas. Os traballos presentaranse de forma dixital. |
| Lecturas | O alumnado terá que introducirse no hábito de lectura como fonte de actualización profesional importante para a toma de decisións con fundamento, para isto consultará diariamente o DOG na busca de información relevante para a materia. Identificarase prexuízos e actitudes sexista nas políticas de emprego. |
| Sesión maxistral | O profesor explicará os conceptos teóricos da materia utilizando tamén o diálogo dirixido e facendo partícipe ao alumnado nas clases, de xeito que resulten máis dinámicas e interactivas. As clases expositivas serán impartidas a través de teams. |
| Seminario | A súa finalidade é dupla. Por unha parte, trátase de visibilizar referentes profesionais. Por outra, permite achegar praxes profesionais vencelladas á inserción laboral de diferentes colectivos |
| Presentación oral | O alumnado exporá o resultado da análise das políticas de emprego a través da simulación dunha entrevista de traballo. Esta presentación poderá ser na aula física ou virtualmente a través de teams, segundo as circunstancias sobrevidas. |
| Actividades iniciais | O profesor realizará unha actividade inicial de sondeo para analizar as ideas previas do alumnado sobre a materia en cada unha das sesións e así conectalas coa información que se vai proporcionar nesa clase |

| Atención personalizada | |
|------------------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|---|--|
| Traballos tutelados Portafolios do alumno Mapa conceptual | <p>A materia está configurada de forma que todos os contidos están colgados en moodle, o que facilita o paso dunha metodoloxía presencial a unha virtual no caso de ser necesario. As clases poden desenvolverse tanto presencial como virtualmente a través da aplicación teams e o encerado virtual. Esta semipresencialidade virá dada polas instrucións que se reciban da facultade.</p> <p>Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase preferentemente de forma virtual, a través de Teams, e excepcionalmente no despacho do profesorado</p> <p>O horario de titorías estará colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, en moodle, na páxina web do departamento de MIDE, e na páxina da Facultade de Ciencias da Educación.</p> <p>No caso de que a situación o requira e así o determine o profesor, a atención poderá ser, en horario de titorías, vía: moodle, teams, correo electrónico, e excepcionalmente outras ferramentas que faciliten a atención ao alumnado.</p> |
|---|--|

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |



| | | | |
|-----------------------|----|--|-----|
| Portafolios do alumno | B2 | <p>O portafolio estará formado por todos os exercicios que se vaian facendo ao longo da materia, máis unha valoración final por parte do alumnado das aprendizaxes realizadas na materia. Os traballos a incorporar son:</p> <ul style="list-style-type: none">- Análise semanal do DOG durante o período lectivo. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente, por cada unha das políticas que se publican. Valorarase a presentación, a síntese da información contida na ficha, e o número de políticas recompiladas.- Exposición semanal de políticas de emprego. Exposición por parellas de unha ou varias políticas de emprego asignadas ao chou con tratamento dos contidos determinados polo profesorado.- Exercicio de autoconñecemento. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.- Exercicio de ficha ocupacional. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.- Exercicio de análise da formación. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a profundidade da análise.- Exercicio de mapas conceptuais. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.- Exercicio sobre ferramentas de busca de emprego. Elaboración dunha ficha predeterminada polo docente. Valorarase a presentación e a síntese da análise.- Exercicio de valoración final. Aprendizaxes adquiridas na materia (qué sabía, que aprendín, en qué seguir formándome). Relación/vinculación das aprendizaxes realizados coas materias cursadas no grao. Aspectos da materia observados no Practicum I e aspectos da materia a observar no Practicum II. Reflexións sobre a materia e aspectos a mellorar. <p>Os criterios de cualificación serán proporcionados o primeiro día de clase, na presentación da materia.</p> | 100 |
|-----------------------|----|--|-----|

Observacións avaliación



A asistencia ás sesións é obrigatoria e se xustifica en base a que as clases son moi interactivas e se traballan aspectos procedimentais e actitudinais que son necesarios para aprobar a materia, polo tanto, nesta materia non procederá a dispensa de asistencia ao alumnado.

O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala no prazo indicado na clase.

Se un/ha alumno/a non acadou o 80% da asistencia e/ou non presenta o portafolio, terá unha cualificación de non presentado.

A cualificación final será o resultado da puntuación obtida no portafolio do alumnado, sendo indispensable obter a metade da cualificación para superar a materia.

Na oportunidade de xullo, o alumnado realizará un exame teórico sobre os contidos tratados na aula.

Será primordial e obrigatoria a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

PLAXIO: O plaxio en calquera das actividades realizadas durante a materia, incluído o portafolio, será motivo de suspenso.

FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA: Asinar na folla de asistencia por un/unha compañeira ou compañeiro ausente será penalizado coa perda de avaliación continua.

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

NORMATIVA ACADÉMICA DE AVALIACIÓNS, CUALIFICACIÓNS E RECLAMACIÓNS

https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avalacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf



Bibliografía básica

- Echeverría, Benito. (Coord) (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC
- Ministerio de Educación (2022). Ley Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional. BOE núm. 78 de 1 de abril de 2022..
- Ministerio de educación (2006). Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Ministerio de trabajo (2015). RDL 3/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Empleo.
- Ministerio de trabajo (2002). Ley 5/2002, de 19 de junio, de las cualificaciones y de la formación profesional.
- Incual (2019). Páxina principal do Incual. <http://incual.mecd.es/>.
- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre as competencias clave.
<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave;jsessionid=F719B6C003E7D4F2A9D2CBA7AE0818D3>.
- Ministerio de educación (2011). REAL DECRETO 1147/2011, de 29 de julio, por el que se establece la ordenación general de la formación profesional del sistema educativo. (BOE del 30 de julio de 2011)..
- Ministerio de trabajo (2007). REAL DECRETO 395/2007, de 23 de marzo, por el que se regula el subsistema de formación profesional para el empleo.
- Ministerio de trabajo (2015). LEY 30/2015, de 9 de septiembre, por la que se regula el Sistema de Formación Profesional para el empleo en el ámbito laboral.
- Xunta de Galicia (2019). Páxina sobre o recoñecemento das competencias profesionais.
<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-reconecemento-experiencia-profesional>.
- Comisión europea (2019). Estrategia Europea de Empleo. Recuperado de:
<http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=101&langId=es>.
- Moncloa (2019). Programa Nacional de Reformas. Recuperado de:
<https://www.hacienda.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/EstrategiaPoliticaFiscal/ProgramaNacionalReformas.aspx>.
- Ministerio de trabajo (2003). LEY 56/2003, de 16 de diciembre, de Empleo (BOE del 17 de diciembre de 2003)..
- Sánchez García, María Fé. (2004). Las exigencias de adaptación al mundo laboral. En Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio.. Madrid: Sanz Torres
- Ansias Bacelar, María Teresa Lourdes (2018). Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o emprego. España: Servipost Editores, S.L. (Antes Servi-Aca, S.L). Madrid: Editorial CEP, S.L
- Pueyo, Javier et alt (2021). Ser joven entre dos crisis.. Catarata. Madrid.
- Cueto, Begoña. y Suárez, Patricia (2015). ?El papel de las políticas activas: una perspectiva desde las comunidades autónomas?, Ekonomiaz: revista vasca de economía. Núm. 87. 1º semestre, págs. 283-309.. Ekonomiaz: revista vasca de economía. Núm. 87. 1º semestre, págs. 283-309.
- Rubio, Francisco (2020). Las políticas de empleo en el ámbito autonómico. Dykinson. Madrid
- Vila, Francisco (Coord) (2017). Las políticas de empleo en el ámbito local. Diputación de Málaga. Málaga.
- Ansias Bacelar, María Teresa Lourdes (2018). Orientación laboral e promoción da calidade na formación profesional para o emprego. España: Servipost Editores, S.L. (Antes Servi-Aca, S.L) Bermúdez Bande, Silvia (2018). Cuaderno del alumno : selección, elaboración, adaptación y utilización de materiales, medios y recursos didácticos en formación profesional para el empleo : certificados de profesionalidad. Docencia de la formación profesional para el empleo. Madrid: Editorial CEP, S.L.



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <p>Bastida, Antonio. (2001) La inserción sociolaboral. Reflexiones sobre la práctica. Madrid, Popular; Carmona, Gabriel. (2001). El plan personal para la inserción socio-laboral: teoría y práctica en la empresa para la inserción laboral. Huelva, Universidad de Huelva; Casal, Joaquim. (2000). Modalidades de transición profesional y precarización del empleo, en Cachón, Lorenzo. (ed.). La inserción profesional. Alzira, Germania, pp. 151-180; GALLART, María Antonia. (2002). Educación y trabajo. Montevideo, Cinterfor; MARHUENDA, Fernando. (coord.)(2006). La cualificación profesional básica: competencias para la inclusión sociolaboral de jóvenes. Revista de Educación, nº 341; Navarro, Vicenç.Torres, Juan. e Garzón, Alberto. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España. Madrid: Editorial Sequitur; Castillo, Juan José. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro. Madrid: Editorial Catarata; Vence, Xabier. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento; Garzón, Alberto.; Torres, Juan e Navarro, Vicenç. (2012). Lo que España necesita . Bilbao: Editorial Deusto; Navarro, Vicenç, Torres, Juan e Garzón, Alberto. (2011). Hay alternativas. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España.. Madrid: Editorial Sequitur; Castillo, Juan José. (2009). La soledad del trabajador globalizado. Memoria, presente y futuro. Madrid: Editorial Catarata; Vence, Xabier. (2011). Crise e radicalización neoliberal. As alternativas silenciadas. Santiago: Editorial Laiovento; .Ruiz Viñals, Carmen. (Coorda) ((2006)). Políticas sociolaborales. Un enfoque pluridisciplinar.. Barcelona: Editorial UOC</p> |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Orientación ocupacional/652G03021

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Orientación e Políticas de Emprego complementa os contidos da materia Orientación Ocupacional. Os traballos serán enviados telemáticamente e de non ser posible, no se utilizará plásticos, elixirase a impresión a dobre cara, empregarse papel reciclado e evitarse imprimir borradores.

Débase facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Débase ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a perda do dereito á oportunidade na que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivese cometido. Nas actas figurará como suspenso ou non presentado nesta oportunidade.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria incorporase a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.No caso de detectarse situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías